



NORMAS DE CONVIVENCIA

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTAS NORMAS DE CONVIVENCIA

2. DEREITOS E DEBERES

1. NAIS, PAIS, TITORES OU TITORAS

- 1.Dereitos
- 2. Deberes

2. ALUMNADO

- 1.Dereitos
- 2. Deberes

3.PROFESORADO

- 1.Dereitos
- 2. Deberes

4.PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- 1.Dereitos
- 2. Deberes

3. NORMAS DE CONVIVENCIA

1. NORMAS DE CONVIVENCIA XERAIS

2. NORMAS DE CONVIVENCIA NAS AULAS

3. NORMAS DE CONVIVENCIA NOS CORREDORES E ESCALEIRAS

4. NORMAS DE CONVIVENCIA NOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5. NORMAS DE CONVIVENCIA NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

6. PREVISIÓN SOBRE Á VESTIMENTA

7. USO DE TELÉFONOS MÓBILES E OUTROS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

8. CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES E GRAVACIÓNS

9. COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

4. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

1. MEDIDAS CORRECTORAS

2. REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS

3. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

- 1.Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

4. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

- 1.Medidas correctoras das condutas leves
- 2.Responsables da aplicación das medidas correctoras de condutas leves

5. DIFUSIÓN, REVISIÓN E AVALIACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTAS NORMAS DE CONVIVENCIA

As normas de convivencia, recollidas neste documento, serán de aplicación no CEIP Plurilingüe Santa María (A Fonsagrada).

Serán obxecto de corrección as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

2. DEREITOS E DEBERES

Todas as persoas, independentemente da súa idade, orixe, cultura ou calquera outra circunstancia, teñen uns dereitos que se deben respectar. Igualmente, cada dereito leva consigo uns deberes e unhas responsabilidades.

Tanto os dereitos como os deberes son necesarios para vivir en sociedade e para convivir en paz cos demais.

2.1. NAIS, PAIS, TITORES OU TITORAS

2.1.1. Dereitos

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2.1.2. Deberes

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

2.2. ALUMNADO

2.2.1. Dereitos

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2.2.2. Deberes

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

2.3. PROFESORADO

2.3.1. Dereitos

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2.3.2. Deberes

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñendoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

2.4. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

2.4.1. Dereitos

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

2.4.2. Deberes

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

3. NORMAS DE CONVIVENCIA

De acordo co establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, este centro, no ámbito da súa autonomía, engade e concreta o seguinte:

3.1. NORMAS DE CONVIVENCIA XERAIS

1. Respetar o dereito ó estudo e aproveitamento do tempo dos compañeiros e compañeiras.
2. Respetar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morais, igualdade de dereitos de mulleres e homes e dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
3. Obedecer as ordes e indicacións de todo o profesorado no exercicio das súas competencias, dentro e fóra das aulas.
4. Asistir con puntualidade a todas as clases.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e materias do centro.

6. Participar activamente nas clases e demais actividades
7. Respetar as normas de hixiene e limpeza.
8. Respetar todas as normas contidas neste documento e nas normas de organización e funcionamento.

3.2. NORMAS DE CONVIVENCIA NAS AULAS

1. Manter en todo momento limpa e ordenada a aula.
2. Non comer nin beber, tanto durante as clases como no tempo que pode mediar entre elas.
3. Subir as cadeiras ós pupitres ó remate das clases.
4. Nos intercambios de clase a alumnado permanecerá na aula ata que chegue o seguinte profesor ou profesora e sen pechar a porta.
5. Apagar as luces cando a aula vaia quedar baleira.

3.3. NORMAS DE CONVIVENCIA NOS CORREDORES E ESCALEIRAS

1. A circulación por corredores e escaleiras farase de forma tranquila, evitando carreiras, xogos, berros, etc.
2. Os corredores e escaleiras son zonas de paso, polo tanto non se poderá permanecer neles durante as clases, recreos e demais tempos de lecer. En consecuencia, tampouco se permite sentarse nas escaleiras, descansos e corredores.

3.4. NORMAS DE CONVIVENCIA NOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte escolar:

Terá dereito ao servizo de transporte escolar o alumnado de Educación Primaria e Educación Infantil que teña o seu domicilio a unha distancia do centro superior a 2 Km, sempre que esta localidade pertenza á zona educativa que abarca este centro.

De chegaren antes da hora de apertura do recinto escolar (09:35h.) os nenos/as permanecerán no interior do vehículo baixo a responsabilidade da persoa que faga as tarefas de acompañante. O transporte conta con acompañante escolar.

A dirección será a mediadora na comunicación entre os usuarios/as, a inspección e as empresas. Tamén se deberán orientar ás familias para un mellor funcionamento do mesmo.

A incorporación ao transporte farase de xeito ordenado e controlado por un mestre/a na porta principal. Os transportados baixarán cando toca o timbre saíndo os de Educación Infantil de primeiros, (un momento antes que o resto do alumnado, para darlle tempo á persoa encargada de controlar se están todos e de acercalos ata a porta para que os recollan as acompañantes do autobús).

Obrigações do alumnado durante o transporte escolar.

1. Estar con puntualidade na parada do autobús.
2. Subir e baixar ordenadamente pola porta do autobús cando estea completamente parado.
3. Suxeitar ben as mochilas e bolsas, colocándoas nos lugares destinados para iso.
4. Sentarse correctamente e permanecer no seu asento sen levantarse mentres o vehículo estea en movemento.
5. Procurar non distraer ao condutor/a.
6. Obedecer as normas do condutor/a, acompañante ou profesorado.
7. Respectar os obxectos de seguridade do vehículo.
8. Comportarse respectuosamente, evitando comportamentos incorrectos.
9. Manter coidado e limpo o interior do autobús.
10. Absterse de comer e beber no interior do autobús.
11. Respectar e coidar o autobús.
12. Incorporarse directamente do autobús ao centro e deste ao autobús.
13. Cumprir durante a viaxe as Normas de Convivencia do Centro. O incumprimento destas normas pode supor unha falta contemplada no réxime disciplinario do centro e a consecuente sanción ou tamén a perda do dereito de asistencia á clase de acordo co recollido neste regulamento.

Comedor escolar:

Os usuarios do comedor, durante o tempo posterior á comida, sempre controlados polo persoal encargado de dito servizo, poden permanecer no patio, na sala de ping-pong ou na sala de xogos (alumnado de Educación Infantil).

NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR

- Entrarase e saírase en orde, sen correr, alzar a voz nin empuxarse. En primeiro lugar sairá infantil e despois o resto dos cursos en orde ascendente (de 1º a 6º de Primaria). Farase a entrada e saída por grupos, con orde e tranquilidade.
- O alumnado levará as mans xa lavadas dende o colexio.
- Durante a comida, evitarán ir ó servizo a non ser por indisposición ou enfermidade e sempre co permiso do/a coidador/a responsable.
- O alumnado deberá respectar as quendas para entrar e saír e non dificultará o funcionamento axeitado do mesmo.
- Os alumnos e alumnas sentaranse no lugar que teñen asignado. Estes lugares serán fixos, podendo ser cambiados a criterio do responsable do comedor.

- Procurarán manter limpo o comedor, sen xogar coa comida; ; xamais tirarlle a outro compañeiro ou compañeira nin ó chan.
- Durante a estancia no comedor falarase en voz baixa.
- Deberán comer de todo, tanto do primeiro como do segundo prato, así como da sobremesa, adecuando as cantidades á súa idade.
- O alumnado esperará con paciencia e compostura a que se lle sirva a comida.
- Farase un uso correcto dos utensilios para comer; pediranse as cousas por favor e daranse as grazas; tratarase con respecto e obedecerase ós/ás encargados/as de comedor.
- Permanecerán sentados e sairán do comedor cando o indique a persoa responsable.
- Os titores e titoras de cada grupo serán informados das incidencias acontecidas no comedor para que sexan trasladadas ás familias.
- Segundo a normativa vixente, o comedor ofrecerá un menú especial para aquel alumnado que presente algún tipo de alerxia, intolerancia, trastorno somático ou calquera outra enfermidade acreditada baixo o oportuno certificado médico.

3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Deberán formar parte da Programación Xeral Anual, polo que estarán aprobadas polo Consello Escolar. Cando non se atopen na P.X.A., o profesorado reunirse coa Xefatura de Estudos co obxecto de expor á C.C.P. a viabilidade da mesma, coa suficiente antelación. Cada curso ou etapa programará, de acordo co PE, as súas actividades complementarias ao comezo de curso, que estarán relacionadas cos contidos curriculares traballados nos distintos cursos.

Principios xerais:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Tratará que o alumnado participe en todas as que organice o Centro.

O coordinador/a do Equipo, actuará baixo a dependencia directa do xefe/a de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo e en coordinación cos ciclos, cursos e órganos colexiados de goberno do Centro. Cando o Equipo organice algunha actividade, deberá ser consensuada polo Claustro de Profesores/as ademais de estar aprobada polo Consello Escolar.

O coordinador/a do Equipo, deberá comunicar ás familias as actividades complementarias e extraescolares do seguinte xeito:

- Comunicación escrita da intención de levar a cabo unha actividade concreta na que figurará: o nome da actividade ,o lugar e data de celebración, o nº de alumnos/as, cursos e grupos aos que afecta esa actividade, os profesores/as acompañantes, o prezo ou gratuidade, a hora de saída e regreso, o material e vestimenta que o alumnado debe aportar.

- Autorización para os pais/nais/titores/as legais: Ao principio de curso entregarase a cada titor/a un modelo de autorización que servirá para todas as actividades da contorna que se organicen ao longo do curso escolar. Cada titor/a entregarallas ao alumnado, recolléndoo e custodiándoo durante todo o curso. Ningún alumno/a pode participar en actividades extraescolares e complementarias (fóra do recinto) sen esta autorización.

Programaranse todas aquelas actividades que o equipo de profesorado ou a ANPA, segundo os casos, consideren de interese para o alumnado.

Tamén se poderá participar en todas aquelas actividades que surxan ao longo do curso escolar e que se consideren interesantes, sobre todo as relativas ao entorno, organizadas por institucións, asociacións locais ou o Concello, sempre aprobadas polo Consello Escolar.

O alumnado que realiza actividades complementarias e extraescolares dependentes do Centro (excursións, competicións deportivas, visitas culturais, etc) fóra das súas dependencias está obrigado a seguir as normas de comportamento esixidas no propio centro, e a súa conduta pode ser obxecto de sanción. Aqueles alumnos/as que non fagan a saída permanecerán no colexio, recibindo atención educativa por outro profesorado de acordo coas posibilidades organizativas do centro.

Non poderán participar nestas actividades os alumnos/as con faltas reiteradas de conduta noutras actividades similares, ou por acumulación de faltas contrarias ás normas de convivencia ou realizar unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Todas as actividades que se celebren en horario lectivo consideraranse como ampliación e complemento do proceso educativo. Terán carácter obrigatorio para o alumnado, agás as que supoñan un incremento económico ou de horario, nese caso serán voluntarias.

Na realización das devanditas actividades procurarase fomentar valores como a convivencia, a cooperación, o respecto ós diferentes espazos públicos, culturas e costumes dentro do marco constitucional, así como o respecto aos animais e plantas.

Se se dese o caso de que o profesor/a responsable estimase que a saída dun alumno/a co grupo puidese entrañar algún risco para o alumno/a en si ou para o desenvolvemento da actividade, porao en coñecemento do equipo directivo, estudarase conxuntamente coa Comisión de Convivencia e comunicarase a decisión aos pais/nais ou representantes legais do alumno/a.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberá contar cos seguintes requisitos: a aprobación do Consello Escolar e a autorización escrita dos pais/nais ou titor/a legal.

O alumnado será acompañado polo profesorado que se considere oportuno segundo a necesidade.

Carácter das Actividades:

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual aprobada polo Consello Escolar, se realicen fóra do horario lectivo.

Se unha actividade se realiza en parte dentro do horario lectivo pero noutra parte fóra del, será considerada actividade extraescolar e terá o carácter de voluntaria.

No caso de actividades non gratuítas: Previa realización da actividade, o alumnado entregará o importe da mesma ao seu titor/a correspondente (hai que ter en conta a subvención do centro á que se refire o apartado seguinte).

As actividades complementarias teñen carácter obrigatorio e procurárase que sexan gratuítas (sempre que o presuposto do centro o permita).

Se algún alumno/a por calquera motivo non pode participar na actividade complementaria, deberá acudir ao centro para realizar tarefas de reforzo, repaso ou calquera outra que o profesorado considere conveniente.

As actividades extraescolares teñen carácter voluntario e cando se realicen fóra da localidade teñen que ser aprobadas polo Consello Escolar, sendo tamén indispensable a autorización asinada polo pai/nai/titor/a legal. Se algún alumno/a por calquera motivo non participa na actividade, deberá acudir ao centro para realizar tarefas de reforzo, repaso ou calquera outra que o profesorado considere conveniente.

3.6. PREVISIÓN SOBRE Á VESTIMENTA

O alumnado do centro non deberá usar prendas que oculten a cara ou dificulten o seu recoñecemento, así como tampouco que poidan supor unha falta de respecto, pudor, decencia ou decoro.

Do mesmo xeito, para as clases de educación física e actividades deportivas deberase traer roupa de deporte.

As gorras usaranse fóra do edificio en momentos de recreo ou lecer.

Poderanse dar excepcións por motivos de saúde.

3.7. USO DE TELÉFONOS MÓBILES E OUTROS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

- O alumnado non poderá traer ao colexio nin utilizar móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico (consolas, reprodutores de música ou imaxe, cámaras de foto e/ou vídeo,...) dentro do recinto escolar.

- Excepcionalmente, e con finalidade didáctica e/ou pedagóxica, autorizarase a utilización de móbiles e outros dispositivos electrónicos.

- Se un alumno ou alumna necesítase facer unha chamada urxente, comunicarao ao profesor ou profesora que, tras valorar a xustificación e urxencia, autorizarao ou non a baixar á conserxería ou despacho dun cargo directivo.

- Se un alumno ou alumna recibise unha chamada de carácter urxente, a persoa que atenda a chamada encargárase de facerlle chegar o aviso, ben directa ou indirectamente.
- O centro non se fará responsable da perda ou roubo de aparellos electrónicos.
- Na aula de informática o uso dos ordenadores realizarase sempre baixo a supervisión dun profesor ou profesora.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

No caso de retirarlle a un alumno/a o teléfono móbil, dispositivo electrónico ou obxecto expresamente prohibido, terán que vir recollelo ao centro o seu pai/nai ou titor/a legal de dito alumno/a.

O devandito levarase a cabo tamén nas actividades complementarias e extraescolares.

CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES E GRAVACIÓNS

Para o uso de imaxes en páxinas webs, contornas dixitais ou instrumentos similares dos centros educativos deberase contar coa autorización correspondente.

As gravacións e imaxes captadas polos proxenitores en actos e festivais do centro serán responsabilidade da persoa/s que obtiveron ditas imaxes.

COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a convivencia.

Os representantes legais do alumnado que presente problemas de conduta e de aceptación das normas escolares poderán subscribir co centro un Compromiso de Convivencia, co obxecto de establecer mecanismos de coordinación co profesorado e outros profesionais que atenden ao alumno ou alumna, de colaborar na aplicación das medidas que se propoñan, tanto no tempo escolar como no extraescolar, para superar a devandita situación e de comprometer ás familias nas actuacións para desenvolver.

O compromiso educativo estará especialmente indicado para aquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe e ten por obxecto estimular e apoiar o proceso educativo deste alumnado e estreitar a colaboración das súas familias co profesorado que o atende. Este compromiso poderá subscribirse en calquera momento do curso .

O perfil do alumnado ao que irá dirixida esta medida é o seguinte:

- Alumnado que non acepta as normas establecidas na aula ou no centro.
- Alumnado cun baixo grao de disciplina e/ou con condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Alumnado con numerosas faltas de asistencia sen xustificar e que dificultan a súa integración.
- Alumnado con problemas de atención e aprendizaxe que deriven en problemas de conduta.
- Alumnado con dificultades para a súa integración escolar.

- Compromisos adquiridos por parte do pai, nai e titor/a

- ✓ Xustificar debidamente as faltas dos seus fillos ou fillas.
- ✓ Proporcionar, na medida das súas posibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar: descanso, alimentación adecuada,...
- ✓ Participar de maneira activa nas actividades que leven a cabo no centro con obxecto de mellorar o rendemento académico dos seus fillos ou fillas.
- ✓ Fomentar o respecto por todos os compoñentes da Comunidade Educativa e absterse de facer comentarios que menosprecen a integridade moral do persoal que traballa no centro ou que danen a imaxe da institución.
- ✓ Asistir polo menos unha vez ao mes ao colexio para entrevistarse co titor ou titora do seu fillo ou filla.
- ✓ Asistir ás reunións que levarán a cabo a inicio de cada trimestre co obxecto de informar sobre as avaliacións obtidas.
- ✓ Axudar ao seu fillo ou filla a cumprir o horario de estudo na casa e supervisar diariamente a axenda do seu fillo ou filla para informarse sobre as tarefas que ten e comprobar se as fai.

- Compromisos adquiridos polo alumno/a

- ✓ Ter un horario de estudo fixo na casa que será acordado co titor ou titora e co pai, nai ou titor legal.
- ✓ Respetar a todos os membros da Comunidade Educativa.
- ✓ Anotar os deberes e as datas de exames na axenda escolar.
- ✓ Participar nas actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo.
- ✓ Traer diariamente as tarefas feitas.
- ✓ Coidar o material tanto do colexio como o seu propio.

- Compromisos adquiridos polo mestre/a titor/a

- ✓ Revisar quincenalmente a planificación do traballo e do estudo que o alumnado realiza na clase e na casa.

- ✓ Manter unha reunión ao trimestre cos pais e nais para informarlles da avaliación dos seus fillos e fillas.
- ✓ Atender aos pais ou nais que soliciten reunións individuais para informarse sobre o rendemento académico do seu fillo/a.
- ✓ Informar por escrito aos pais ou nais dos alumnos que reciben reforzo, apoio e/ou ten adaptación curricular.
- ✓ Contactar coa familia ante calquera problema dos seus fillos.

4. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

De acordo co establecido na Lei 4/2011 as condutas contrarias á convivencia clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

MEDIDAS CORRECTORAS

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e os bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos.

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
 - d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia serán ser corrixis coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que está cursando.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nos apartados e) ou f) do apartado anterior.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) A falta de asistencia inustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

A Lei 4/2011, no seu artigo 16.e, recolle que os centros tamén poderán tipificar outras condutas como faltas leves. En consecuencia, acordamos establecer como faltas leves contrarias á convivencia a seguinte:

d) Uso dunha linguaxe verbal/xestual non axeitada nin respectuosa dirixida aos demais nos intercambios comunicativos presenciais e/ou virtuais.

Medidas correctoras das condutas leves

As condutas leves contrarias á convivencia serán corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- g) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras de condutas leves

Medida	Docente	Titor/a	Xef. estudos	Dirección
Amoestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro.	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades		X	X	X
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X

5. DIFUSIÓN, REVISIÓN E AVALIACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA**Decreto 8/2015 _ Artigo 5.3.b**

O consello escolar establecerá as directrices para a elaboración das normas de convivencia.

Decreto 8/2015 _ Artigo 5.3.c

O consello escolar realizará o seguimento e avaliación das normas de convivencia.

Decreto 8/2015 _ Artigo 6.1.

A comisión de convivencia velará pola correcta aplicación das normas de convivencia.

Decreto 8/2015 _ Artigo 7.a.

O claustro realizará propostas para a elaboración das normas de convivencia.

Decreto 8/2015 _ Artigo 8.4.d.

Á xefatura de estudos correspóndenlle coordinar e dirixir as actuacións establecidas nas normas de convivencia.

Decreto 8/2015 _ Artigo 9.1.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que establezan as normas de convivencia do centro. En todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.